

LINGUA E LITERATURA 1º ESO

Temas 1- 4

Edicións Xerais de Galicia S.A.

Unidade 1

As rúas estaban ateigadas de artesáns, mercadores e hostaleiros que saían ó paso dos recién chegados, pregoando as excelencias das súas mesas e o conforto das súas camas.

Don Paio advertiulles ós seus compañeiros que baixo daquela aparente e buliciosa alegría, baixo daquela abundancia, tamén se agabachaba naquela cidade moita miseria e moito aproveitado que intentaba estafar as pobres xentes con enredos e falsidades.

—**Abride ben os ollos e non vos deixedes impresionar por nada, que aquí os ladróns e truáns teñen os dedos lixeiros e coñecen todo tipo de artimañas!** —dixo Paio Gómez Chariño con seriedade.

Pero era difícil despois do arduo camiño percorrido manterse alleo a todo aquel artificioso despregue de atraccións.

Os mercadores competían vociferando a calidade e vantaxe dos seus produtos:

—**Panos de Bruxas...!**

—**Sal de Bourneuf...!**

—**Viño do Ribeiro...!**

Os titiriteiros actuaban polas rúas cantando e danzando na compañía de funambulistas e soldadeiras.

Máis adiante cruzaron a antiga mullara romana pola «porta renova», aberta para comodidade dos peregrinos, e atoparon á súa dereita a basílica de San Isidro, obra mestra da arte románica, que contaba cun panteón real onde repousaban os corpos de numerosos reis, así como algúns príncipes e moitos membros da nobreza.

1. Resume brevemente o contido do texto.
2. Indica quen son o emisor e o receptor das partes sinaladas en negra no texto. Logo indica cal é a mensaxe que se emite, cal a canle e o código empregados en cada caso.
3. Que estrutura segue este texto? Xustifica a túa resposta.
4. Subliña as frases presentes no segundo parágrafo do texto.
5. Emparella cada definición coa enfermidade que lle corresponde:

1. Tumor pequeno na pel, de pequena extensión, duro e doloroso.	a) bronquite
2. Inflamación dos bronquios.	b) espulla
3. Dor dos músculos do pescozo que obriga a telo torto e impide xirar a cabeza.	c) furuncho
4. Inflamación das glándulas das pálpebras.	d) tirizó
5. Excreción benigna, pequena, arredondada e escura, que se forma na pel.	e) cabaleiro

1. _____ 2. _____ 3. _____ 4. _____ 5. _____

6. Que é un dígrafo? Escribe catro exemplos empregando dígrafos distintos.
7. Empezando pola palabra e rematando polo texto, escribe por orde todas as unidades da lingua.
8. Ordena alfabeticamente as seguintes palabras: casa, receita, cabaleiro, ampola, andel, andazo, vacina, varíola, pílula, pediatría.

Unidade 2


Distinguido señor:

Da mesma maneira que a xente felicita os amigos cando se cumpren anos do día que naceu eu enviolle a miña felicitación porque hoxe é o aniversario do día no que vai morrer. Pareceralle unha broma, pero podo asegurarlle que non o é. Eu sei perfectamente que vostede morrera tal día coma hoxe (permitame que non lle diga nada de que ano, todo chegara). Eu sei que de primeiras, isto pode parecerlle unha mala nova, pero unha vez que vostede se repoña da sorpresa inicial e medite un pouco, darase de conta de que máis que outra cousa isto é un privilexio, porque lle permitira poder facer unha preparación que a poucos lles está permitida, xa que os homes deron en vivir coma se nunca fosen morrer. Nada hai tan certo e seguro coma a morte para o home, por tanto, calquera outro acontecemento dos que nos poidan suceder son moito máis alleos a nos.

Permitame pois que me despida, por esta, de vostede, desexandolle un feliz día do seu cumpremortes.

Xabier P. Docampo: *Cando petan na porta pola noite*, Xerais (adaptado)

1. O texto está sen acentuar. Acentúao ti.
2. Identifica cada palabra co número que lle corresponde na ilustración.



canil	chanto
céspedede	camiño de laxes
contra	cumieira
billa	bufarda
cano	lousado
peitoril	cheminea
lintel	chanzo
soleira	balaústre
valo	cancela
xanela	

3. Escribe un enunciado con cada unha das seguintes palabras. Da lectura do enunciado debe desprenderse claramente o significado da palabra utilizada: sobrado, trabe, lúgubre, peitoril.

4. Clasifica as palabras do cadro segundo o seu sufixo sexa aumentativo, diminutivo ou despectivo.

cuartucho, cachiño, soutelo, gordecho, cabezón,
mullerona, solteirón, barcaza, ricacho, xentuza,
animalexo, cadeliño, rapazote, folletín, campelo

AUMENTATIVO	DIMINUTIVO	DESPECTIVO

5. Indica nos seguintes enunciados cal é o suxeito e cal o predicado.
- A xente felicita os amigos cando se cumpren anos.
 - Eu envíolle a miña felicitación.
 - Unha preparación que a poucos lles está permitida.
 - Calquera outro acontecemento dos que nos poidan suceder son moito máis alleos a nós.

6. Indica cal é a idea principal de cada un dos seguintes parágrafos.

A recollida das aves afectadas por unha maré negra debe realizarse seguindo unhas mínimas normas de hixiene e seguridades para os animais.

Para recollelos vivos debemos achegarnos con coidado, desde o mar cara á terra, en silencio e actuando con rapidez e seguridade. Hai que botarlle primeiro a man ao peteiro e logo suxeitarlle as ás e patas á vez que se cobre cun pano.

As aves mortas deben recollese e identificarse para evitar que sexan inxeridas por outros animais. O seu estudo posterior proporciona unha información moi importante sobre as causas da súa morte, as incidencias da maré negra, o estado da especie...

7. Enumera as condicións que debe reunir un texto para que sexa coherente.

Unidade 3

A TÍA REMEDIOS

Dos novos sobriños que se quedaran a vivir en Portonovo, ningún coñecera á tía Remedios, que se foi coa súa nai ao Brasil cando tiña catorce anos. De cando en vez a tía Remedios, mandaba algún diñeiro, recomendando que o máis del o gastasen en amañar a casa e mercar millores vacas. Tamén mandaba roupas para as sobriñas, uns traxes de falda longa e plisada mui bordados, dunha moda tan pasada, que a modista volvíase tola para acordalos coa moda nova dos figuríns, e co que as sobriñas procuraban ver co que se levaba, cando viaxaban a Pontevedra. Unha vez, a tía Remedios mandou por un de Pontecaldelas un reló de ouro para o sobriño máis vello, e un fonógrafo que deu que pasar na Aduana de Vigo. O fonógrafo era de grande buguina, como os dos anuncios de «La Voz de su Amo». Pouco despois de mandar o fonógrafo e uns diñeiros para que mercasen unha mecedora para as sestras, anunciou que chegaría para a Peregrina. E chegou. Pasara corenta anos de doncela de gardarroupa, primeiro, e de asistenta de chaveiro o resto da súa estadía no Brasil, na casa dunha condesa que somentes saía á rúa en berlina de cabalos, levando a carón da porta dereita un lanceiro montado, con casaca verde e casco de plumas. Vivían nun pazo que está a dez leguas de Río de Janeiro, no medio dun campo rodeado de palmeiras. Cando se finou a condesa desfíxose a casa, e así a tía Remedios puido voltar a Portonovo. Era unha muller miúda, mui morena, falando un mui gracioso brasileiro, e por disposición testamentaria da condesa, obrigada o resto da súa vida a vestir a batista rosada con adorno de encaixes negros. Recollía o pelo nun grande moño. Traguía no equipaxe, herdo da condesa, un can, o canciño Napoleón. Era un lanudo branco, pequeniño, de carta e media de longo, o fuciño azul e os ollos dourados. Vaia, o ollo esquerdo dourado, redondo como unha moeda de ouro cortada pola raia negra da pupila, e o dereito tñao postizo, que o perdera nun accidente, e no seu lugar puxéranlle un axóuxere. Un axóuxere de ouro. O canciño despertaba sudando, ollaba por onde andaría a condesa, e entón, ao mover a cabeza o axóuxere cantaba. A condesa, entón, mandaba que lavasen a Napoleón.

Cando chegou a tía Remedios, toda a vecindade acudiu a adimirar o canciño. Este miraba co seu único ollo aos presentes, erguendo despacio e con moito cuidado a cabeciña, e era certo o que decía a tía Remedios, que buscaba, cando había visita, que non sonase o axóuxere do ollo dereito. Estaba educado neso, para non avisar en balde á señora condesa. Nembargantes, agora, en Portonovo, algunha que outra vez erguía a cachola, inqueda, e dáballe tres ou catro sacudidas. O axóuxere sonaba, e entón a tía Remedios acudía a aloumiñalo, dáballe unha galleta, e recomendáballe calma. O canciño deixábase sosegar, e volvía á súa inacabable sesta, pasando a lingua roxa polo fuciño azul celeste. A tía Remedios explicaba entón ao sobriños:

—¡Está vendo á difuntiña nos xardíns do outro mundo!

E entón Napoleón, que parecía dormido de todo, pero que estaba escoitando á tía Remedios, daba dous síes seguidos co axóuxere de ouro, confirmando o que decía a antiga asistenta de chaveiro da señora condesa de Itaquimí, que santa groria haxa.


Álvaro Cunqueiro: *Os outros feirantes*

1. Indica as partes en que se pode dividir o texto (argumenta o porqué desa selección) e logo resume o contido do texto.
2. Indica cal é o suxeito, o predicado e os complementos directo, indirecto e circunstancial, dos enunciados subliñados no texto.
3. Substitúe os complementos directos e indirectos dos enunciados subliñados polos pronomes correspondentes.
4. Localiza no texto os diacríticos e explica por que levan til.

5. Indica cal é o significado de cada unha das expresións subliñadas nos seguintes enunciados.

- Cando saín da auga non podía deixar de bater os dentes.
- Dentro duns anos serás ti quen lle coma as papas a teu irmán.
- Dende que deu a luz está de moi bo ano.
- Nunca vin ninguén tan feito á brosa coma aquel home.

6. Escribe a palabra que define cada unha das partes do corpo sinaladas no debuxo.



7. Escribe un adxectivo derivado de cada unha das palabras que van a seguir:

- carne: _____
- labio: _____
- cranio: _____
- ril: _____
- moa: _____

8. Responde:

- Cales son as características que definen a lingua literaria?
- Explica cales son os xéneros literarios fundamentais e que características definen a cada un?

9. Indica a que xénero literario pertence o texto. Xustifica a túa resposta.

10. Pon til ás palabras que o precisen.

- Aquel fora un día estraño, fora ía moito frío, mais non era o mais cru do inverno.
- Sentín do do can que camiñaba so pola rúa.
- Sobre o mantel de bolas de cores atopábase a bola de pan do almorzo.
- Díxome túa nai que compre que compres ovos cando vaias á tenda.


- Cada día ves mais tarde, non ves que iso non pode ser, tes que chegar mais cedo.

Unidade 4



Lucky Luke: A amnesia dos Dalton; Xerais

1. Localiza no cómic exemplos dos seguintes planos: plano xeral, plano detalle, plano americano. Logo, explica as diferenzas entre cada un deles.
2. Explica as diferenzas fundamentais entre os cómics e calquera outro tipo de texto.
3. Escribe a carón de cada frecha, a palabra que denomina a zona da cabeza sinalada.



4. Emparella os sinónimos das seguintes columnas.

pinguelo	úvula
vidallas	sens
impar	saloucar
meixelas	fazulas
pestanexar	capelexar
colo	gorxa
santiña	meniña
face	rostro
queixo	papo

5. Escribe o xénero contrario das seguintes palabras:

- frade: _____
- curmán: _____
- lacazán: _____
- urbana: _____
- patroa: _____
- ladra: _____
- catalán: _____
- ourensán: _____
- grou: _____
- ermitán: _____

6. Escolle a palabra incorrecta de cada serie:

- a) israelís, bocois, cafés, irmás, civiles.
- b) españois, azuis, útis, xeles, peles.
- c) búmerangs, ollomois, túneles, caracois, clips.
- d) aerosoles, clubs, anoraks, difíciles, chuchameles.
- e) fax, reis, sándwiches, oasis, avais.
- f) mitines, lacazáns, dolmens, cans, crueis.

7. Clasifica os seguintes substantivos: penedo, ponte, rapaza, segadores, Galicia, fermosura, arroz, manda, xenreira, area.

SUBSTANTIVOS			
COMÚN			PROPIO
CONCRETO		ABSTRACTO	
contable		incontable	
individual	colectivo		

8. Analiza sintacticamente as seguintes frases:
- Este feliz desenlace
 - Homes honrados
 - meu vaso
9. Clasifica as seguintes palabras segundo teñan ditongo ou hiato, logo sinala a sílaba tónica en cada unha: prioridade, estou, xeito, xuízo, mágoa, funcionario, boa, poema, escrutinio.
10. Indica que tipo de procedemento de cohesión textual se está a empregar no seguinte texto. Xustifica a resposta.

O domingo moi cedo, collemos o tren de Lugo. Eu ía, máis ca nervioso, nas nubes, coma se non espertase aínda e o tren fose un leito voador.